AGOSTO DE 2026| NÚM. 116

BOLETÍN DE IGUALDADE

Publicación mensual da Unidade de Igualdade

Fotografía de María Moldes (2018)

Cada número recolle información de interese sobre actividades formativas, convocatorias, congresos e seminarios, novas e recursos diversos sobre a igualdade de xénero.
Se queres achegar información, envíanos as túas suxestións por correo-e antes do día 28 de cada mes.

Unidade de Igualdade
Edificio Ernestina Otero 1º andar
Campus universitario
Vigo-36310
igualdade@uvigo.gal
986 813 419

Unidade de Igualdade
Universidade Vigo

CONTIDO

PARTICIPACIÓN....3
FORMACIÓN....4
ESTUDOS DE XÉNERO, FEMINISMOS OU IGUALDADE DE XÉNERO....6
XORNADAS, CONGRESOS E SEMINARIO....9
CONVOCATORIAS....9
NO FOCO....10
INVESTIGACIÓN....13
REVISTAS....16
NOVAS DO DUVI....18
NOVAS....18
DATOS....20
BANCO DE RECURSOS....21

PARTICIPACIÓN

Estudo sobre vitimización por abuso de poder no acceso á carreira académica.

Difundimos unha enquisa sobre posibles situacións de abuso en contextos de relacións asimétricas de poder no ámbito universitario. O estudo diríxese a persoas que estean a realizar un doutoramento ou que o rematasen nunha universidade española nos últimos dez anos, tanto se seguiron a carreira académica como se non. O obxectivo é analizar, de forma agregada e científica, a posible existencia, natureza, frecuencia e impacto destas experiencias, co fin de mellorar as políticas de prevención, protección e acompañamento nas institucións académicas. A participación é voluntaria e completamente anónima: non se recollen datos identificativos

nin información que permita vincular as respostas con persoas ou institucións concretas, e pódese abandonar a enquisa en calquera momento.

Acceso á enquisa aquí.

FORMACIÓN

Diploma de curso de formación universitaria Plans de igualdade. Período de matrícula do 20/08 ao 10/09. +Info

Campus transfronteirizo de Igualdade de Xénero no ámbito laboral. Plataforma formativa na eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. (ES/PT) +Info

Curso en liña sobre transversalización de xénero no Ensino Superior ofrecido pola Universidad Nacional Autónoma de México. (ES) +Info

Seguridade dixital, xénero e uso ético da IA curso aberto masivo en liña ofrecido pola UNED. (ES) +Info

Curso en liña sobre igualdade de xénero e diversidade na educación superior do Proxecto G-Force. (ES) +Info

Cursos de verán:

Universidade de Vigo. +Info

— O corpo na arte contemporánea dende unha perspectiva interdisciplinar. Do 23 de setembro ao 9 de outubro.

Universidad Miguel Hernández.

— Aprendendo sobre a diversidade afectivo-sexual e de xénero. Do 3 ao 30 de setembro. +Info
— Violencia de xénero e sistema sanitario: detención e atención ás vítimas (en liña). Do 1 ao 25 de xullo. +Info
— A igualdade entre mulleres e homes e a linguaxe inclusiva (en liña). Do 3 ao 30 de setembro. +Info
— Violencia sexual e atención. Detecta o acoso sexual na túa contorna (en liña). Do 3 ao 29 de setembro. +Info
— Masculinidades. Das prácticas hexemónicas ás igualitarias (en liña). Do 3 ao 29 de setembro. +Info
— A deusa feminista: aproximacións desde a arqueoloxía e a antropoloxía ao estudio da espiritualidade feminina e a mitoloxía con perspectiva de xénero (en liña). Do 3 ao 29 de setembro. +Info

Universidad del País Vasco-EHU

— Liderado que transforma o ecosistema deportivo: comunicación con impacto, talento e igualdade de oportunidades. Do 1 ao 2 de setembro. +Info
— Ecosistemas Locais: Coidados, Inclusión e Benestar Emocional. Do 7 ao 8 de setembro. +Info
— Novos retos da violencia machista: da vitimización á reparación. Do 8 ao 9 setembro. +Info
— Saúde Mental con Perspectiva de Xénero VI: Liderado e apoderamento feminista. Non hai poder sen dereitos. Do 8 ao 9 de setembro. +Info

Diploma de Especialización en Masculinidades, Xénero e Igualdade (ES) +Info
Matrícula aberta ata o 21 de setembro.

Seguridade dixital, xénero e uso ético da IA. Inicio do curso 15 de setembro de 2026. (ES) +Info

Xestión da Igualdade: Proxectos Sociais con Perspectiva de Xénero. (ES) +Info
Curso online gratuíto ofrecido pola Federación Mujeres Progresistas.

Políticas do castigo e a cancelación. Do sentido común punitivo aos procesos transformativos (ES) +Info Curso de 'Nociones comunes' do 11 de maio ao 22 de xuño.

Xénero e interseccionalidade. (EN) +Info Curso masivo en liña

Seminarios conversatorios sobre Masculinidades, Xénero e Igualdade. Observatorio de Masculinidades da Universidade Miguel Hernández de Elx. Dispoñibles os vídeos das sesións celebradas desde 2021 até hoxe. (ES) +Info

***Webinar*: Mozos adolescentes e elección profesional. Cara a unha maior presencia masculina en profesións de coidado.** Fundación Iniciativa Social. Dispoñible a sesión que tivo lugar o 25 de febreiro de 2026. (ES) +Info

Sexuando o lenzo: arte e xénero. (EN) +Info Curso masivo en liña

Cara a unha alfabetización mediática e informativa sensible ao xénero. (EN) +Info

Xustiza de xénero e dereitos humanos: combater o auxe do movemento antixénero. (EN) +Info
Curso masivo en liña organizado por Amnistía Internacional.

MOOC Unha historia global do sexo e o xénero: corpos e poder no mundo moderno. (EN) +Info

MOOC Feminismo e xustiza social. (EN/ES) +Info

Campus Virtual de UNFPA. Formación en liña asíncrona con varias accións formativas dispoñibles. +Info

Feminismo, xénero e política. MOOC da Universitat Autònoma de Barcelona. (ES) +Info

Cursos en liña de autoformación Eu sei de xénero de ONU Mulleres (ES) +Info

Escola Virtual de Igualdade | Cursos gratuítos en materia de igualdade. (ES) +Info

ESTUDOS DE XÉNERO, FEMINISMOS OU IGUALDADE DE XÉNERO

De cara ao inicio do próximo curso académico, actualizamos o apartado con información dos graos, mestrados e estudos de doutoramento sobre Estudos de Xénero das universidades españolas.

ANDALUCÍA

- **Máster en Ciencias de la Sexología**. Universidad de Almería. Rama: Ciencias da Saúde. Duración: 1 ano. Modalidade: presencial. +Info

- **Máster Interuniversitario en Estudios de Género, Identidad y Ciudadanía**. Universidad de Cádiz. Rama: CC Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: semipresencial +Info

- **Máster Universitario Erasmus Mundus en Estudios de las Mujeres y de Género-GEMMA.** Universidad de Granada. Rama: CC Sociais e Xurídicas. Duración: 2 anos. Modalidade: presencial. (Próxima convocatoria en 2028) +Info

- **Máster Universitario en Análise Crítico das Desigualdades de Xénero e Intervención Integral en Violencia de Xénero.** Universidad de Jaén. Rama: CC Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: presencial +Info

- **Máster Universitario en Género e Igualdad.** Universidad Pablo de Olavide. Rama: CC Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade semipresencial +Info

- **Máster Universitario en Igualdad y Género.** Universidad de Málaga**.** Rama: CC Sociais e Xurídicas. Duración: 3 semestres. Modalidade: semipresencial, en castelán e inglés. +Info

- **Máster Universitario en Estudios de Género y Desarrollo Profesional.** Universidad de Sevilla. Rama: CC Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: presencial +Info

ARAGÓN

- **Mestrado Universitario en Relaciones de Género**. Universidad de Zaragoza. Rama: CC Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano +Info

- **Programa de Doctorado en Relaciones de Género y Estudios Feministas.** Universidad de Zaragoza. Rama: Ciencias Sociais e Xurídicas +Info

PRINCIPADO DE ASTURIAS

- **Máster Universitario en Género y Diversidad.** Universidad de Oviedo. Rama: Ciencias Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: presencial +Info

- **Máster Erasmus Mundus en Estudios de las Mujeres y de Género**. Universidad de Oviedo. Rama: CC Sociais e Xurídicas. Duración: 2 anos. Modalidade: presencial +Info

- **Programa de Doctorado en Género y Diversidad.** Universidad de Oviedo. Rama: CC Sociais e Xurídicas. Duración: 3 ou 5 anos. +Info

ILLES BALEARS

- **Máster Universitario en Políticas de Igualdad y Prevención de la Violencia de Género.** Universitat de les Illes Balears. Rama: CC Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: presencial +Info

- **Programa de Doctorado en Estudios Interdisciplinares de Género**. Universitat de les Illes Balears. Rama: Ciencias Sociais e Xurídicas. +Info

ISLAS CANARIAS

- **Máster Universitario en Estudios de Género y Políticas de Igualdad.** Universidad de la Laguna. Rama: CC Sociais e Xurídicas. Duración: 2 anos. Modalidade: presencial +Info

CASTELA E LEÓN

- **Máster Universitario en Estudios Interdisciplinares de Género.** Universidad de Salamanca. Rama: Ciencias Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: presencial +Info

- **Máster en Estudios Feministas e Intervención para la Igualdad.** Universidad de Valladolid. Rama: Ciencias Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: en liña +Info

- **Programa de doctorado en Estudios Interdisciplinares de Género y Políticas de Igualdad.** Universidad de Salamanca. Rama: CC Sociais y Jurídicas. Duración: 3 ou 5 anos. +Info

CATALUÑA

- **Grao en Estudios Socioculturales de Género. Universitat Autònoma de Barcelona.** Rama: Artes e Humanidades. Duración: 4 anos. Modalidade: presencial, en catalán e castelán. +Info

- **Máster en Estudios de Género y Gestión de Políticas de Igualdad.** Universitat de Lleida. Rama: CC Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: virtual +Info

- **Máster Interuniversitario en Estudios de la Mujer, Género y Ciudadanía. Universitat** de Barcelona, Universitat Autònoma de Barcelona, Universitat de Girona, Universitat de Vic, Universitat Rovira i Virgili, Universitat Pompeu Fabra, Universitat Politècnica de Catalunya, Universitat de Lleida. Rama: CC Soc. e Xcas. Duración: 2 anos. Modalidade: en liña e presencial +Info

- **Máster en Estudios de Género y Gestión de Políticas de Igualdad.** Universitat de Lleida. Rama: CC Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: virtual, en catalán e castelán. +Info

- **Máster en Violencia Sexual.** Universidad Ramón Llull. Rama: Ciencias Sociais e Xurídicas. Duración: 2 anos. Modalidade: virtual, con algunha sesión en inglés. +Info

- **Programa de doctorado interuniversitario en Estudios de Género: Culturas, Sociedades y Políticas.** Universitat de Barcelona. Rama: Ciencias Sociais e Xurídicas. +Info

COMUNITAT VALENCIANA

- **Máster Universitario en Derecho y Violencia de Género.** Universitat de València. Rama: CC Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: semipresencial +Info

- **Máster Universitario en Género y Políticas de Igualdad.** Universitat de València. Rama: CC Soc. e Xcas. Duración: 1 ano. Modalidade: presencial e en liña +Info

- **Título de especialista universitario en masculinidades, género e igualdad.** Universidad Miguel Hernández. Duración: 1 ano. Modalidade: en liña +Info

- **Diploma de Especialización en Agente de Igualdad.** Universitat Jaume I. Duración: 1 amo. Modalidade: en liña. +Info

GALICIA

- **Mestrado Universitario en Igualdade, Xénero e Educación.** Universidade de Santiago de Compostela. Rama: Ciencias Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: presencial +Info

COMUNIDADE DE MADRID

- **Máster Universitario en Estudios de Género.** UNED. Rama: CC Soc. e Xcas. Duración: 1 ano. Modalidade: virtual +Info

- **Máster Universitario en Estudios de Género.** Universidad Complutense de Madrid. Rama: CC Soc. e Xcas. Duración: 1 ano. Modalidade: presencial +Info

- **Máster Universitario en Estudios LGBTIQ+.** Universidad Complutense de Madrid. Rama: CC Soc. e Xcas. Duración: 1 ano. Modalidade: presencial +Info

- **Máster en Estudios Interdisciplinares de Género.** Universidad Autónoma de Madrid. Rama: CC Soc. e Xcas. Duración: 1 ano. Modalidade: presencial +Info

Programas de doutoramento:

- **Programa de doctorado en Estudios Feministas y de Género**. Universidad Complutense de Madrid. Rama: Ciencias Sociais e Xurídicas. Duración: 3 ou 5 anos. +Info

- **Programa de doctorado en Estudios Interdisciplinares de Género.** Universidad Rey Juan Carlos. Rama: Ciencias Sociais e Xurídicas. Duración: 3 ou 5 anos. +Info

- **Programa de doctorado en Estudios Interdisciplinares de Género**. Universidad Autónoma de Madrid. Rama: Ciencas Sociais e Xurídicas. Duración: 3 ou 5 anos. +Info

REXIÓN DE MURCIA

- **Máster Universitario en Género e Igualdad.** Universidad de Murcia. Rama: Ciencias Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: presencial +Info

- **Máster Universitario en Salud, Mujer y Cuidados.** Universidad de Murcia. Rama: Ciencias da Saúde. Duración: 1 ano. Modalidade: semipresencial +Info

- **Máster Universitario en Intervención Interdisciplinar en Violencia de Género.** Universidad Internacional de Valencia. Rama: CC Sociais e Xcas. Duración: 1 ano. Modalidade: en liña +Info

PAÍS VASCO

- **Mestrado Universitario en Intervención en Violencia Contra las Mujeres.** Universidad de Deusto. Rama: Ciencias Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: presencial +Info

- **Mestrado Universitario en Estudios Feministas y de Género.** Universidad del PaísVasco/Euskal Herriko Unibertsitatea. Rama: Ciencias Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: presencial e mixta +Info

- **Especialización universitaria en Género, Masculinidades y Acción Social.** Universidad del País Vasco/Euskal Herriko Unibertsitatea. Rama: Ciencias Sociais e Xurídicas. Modalidade: en liña +Info

XORNADAS, CONGRESOS E SEMINARIO

I Congreso Internacional de Tecnoloxías Emerxentes e Xénero. Sevilla, 30 de setembro, 1 e 2 de outubro de 2026. +Info

XII Congreso Internacional de Xénero e Comunicación (GenderCom 2026). Con sesións virtuais os primeiros días e formato presencial do 7 ao 9 de outubro na Facultad de Comunicación y Documentación da Universidad de Granada. +Info

III Conferencia Internacional Red Feminista de Ciencias Sociales: Metodologías y herramientas para una investigación feminista. O 16 de outubro en modalidade en liña. +Info

Seminario Internacional de Investigación «Mobilidades, reprodución social e desigualdades globais: novos enfoques para os estudos feministas sobre as migracións internacionais». 22 e 23 de outubro na Facultade de Socioloxía da UDC, organizado por Mulleres á Fronte. +Info

CONVOCATORIAS

I Congreso Internacional de Tecnoloxías Emerxentes e Xénero. Convocatoria aberta para o envío de resumos e pósteres ata o 15 de agosto de 2026. +Info

Asparkía Investigació Feminista. Chamada para o número Escritura e emancipación: pioneiras do periodismo e a crónica (1850-1950) ata o 1 de setembro. +Info

Lectora: revista de dones i textualitat. Dossier Feminismos en clave musical: mulleres, disidencias e novas masculinidades nos discursos musicais e audiovisuais da música popular. Aberto ata o 15 de setembro. +Info

Convocatoria Estadias I+P. A do Ministerio de Igualdade oferta tres expresións de interese: Diagnóstico de capacidades para a integración da perspectiva de xénero na gobernanza pública; análise de datos sobre a percepción social da igualdade de xénero en España e asesoramento científico para a análise da violencia contra as mulleres en contornas dixitais. Prazo de presentación ata o 8 de outubro. **+Info**

IX Premio Francisca de Pedraza contra a Violencia de Xénero. Recoñecemento a persoas, colectivos, entidades ou institucións nacionais e internacionais cunha traxectoria identificable e referencial na loitea contra calquera tipo de violencia contra a muller. Prazo de presentación de candidaturas ata o 9 de outubro. **+Info**

XXVI Edición do Premio de Investigación María Isidra de Guzmán. Convocatoria bienal dispoñible ata o 31 de outubro de 2026.

Feminist Formations. Convocatoria aberta para envío de artigos de diversas temáticas feministas. A data límite de envío de propostas é o 31 de decembro de 2026. **+Info**

Asparkía. Investigación feminista. Chamada a achegas para o número O gótico desde o xénero: feminismo e políticas do coidado no terror. Ata o 31 de xaneiro de 2027. **+Info**

NO FOCO

Miyazaki, Xapón. Praia artificial no Ocean Dome. Fotografía de Martin Parr (1996)

Nas últimas semanas vivimos varias vagas de calor, é dicir, máis de tres días seguidos nos que polo menos o 10 % das 137 estacións meteorolóxicas de referencia rexistran temperaturas máximas excepcionalmente altas, por riba do 95 % dos valores históricos rexistrados nos meses de xullo e agosto entre 1971 e 2000. Os días 22 e 23 de xuño foron os máis cálidos do mes, cunha anomalía media peninsular de +7.1 °C.

O cambio climático non afecta da mesma forma a todas as persoas, e a literatura científica (Pearse, Rebecca, 2016) ten demostrado que as relacións de xénero constitúen unha dimensión fundamental das transformacións sociais asociadas ao cambio climático. As fendas estruturais e os roles de xénero tradicionais provocan un acceso desigual aos recursos e aos espazos de toma de decisións que fan que mulleres e homes poidan experimentar os seus impactos de forma diferente (Carrión, Andrea; Arauz, Elizabeth e González, Daniel, 2021). Por iso, a perspectiva de xénero é unha ferramenta esencial para comprender mellor como o cambio climático transforma a nosa sociedade. Se non a temos en

conta, corremos o risco de pasar por alto desigualdades, vulnerabilidades e capacidades de resposta que son fundamentais para afrontar este desafío global. Traballos como o de Mathilde Rainard, Christopher Smith e Shonali Pachauri (2023) conclúen que existe unha relación positiva entre igualdade de xénero e mellor desempeño ambiental, pero esta relación é moito máis complexa, contextual e multidimensional do que adoita asumirse. Por iso, non debemos entender a igualdade de xénero como unha solución rápida á crise climática, senón como parte dunha transformación social máis ampla cara a sociedades máis xustas, inclusivas e sostibles. Por tanto o traballo sería cuestionar e transformar as relacións de poder e as desigualdades que están na raíz tanto da crise climática como das inxustizas sociais.

Os estudos de xénero levan décadas mostrando que os roles e estereotipos de xénero limitan as posibilidades de actuación tanto das mulleres como dos homes e dificultan a construción de sociedades máis xustas e sostibles. No ámbito climático, isto esixe cuestionar non só a idealización das mulleres como suxeitos inherentemente coidadores ou próximos á natureza, senón tamén a asociación da masculinidade con valores de dominio, competición e control sobre o medio.

Fotograma de *Gigantes* (1956)

Unha das principais achegas da investigación recente é desmontar a visión esencialista das mulleres como protectoras naturais do ambiente. As mulleres non constitúen un grupo homoxéneo nin existe evidencia de que, polo feito de seren mulleres, adopten sempre comportamentos máis favorables para o clima. Ademais, atribuírlles esa responsabilidade contribúe a reforzar estereotipos de xénero e a trasladarlles o peso de resolver unha crise que ten as súas raíces en estruturas económicas, políticas e sociais moito máis amplas. Do mesmo xeito, os estudos críticos das masculinidades analizan como determinados ideais masculinos poden actuar como freo á transición ecolóxica. Un concepto especialmente relevante é o de petromasculinidade, acuñado pola investigadora Cara Daggett (2018) para describir a relación entre certos modelos de masculinidade tradicional e a defensa dos combustibles fósiles, e que tamén se pode conectar coa análise do apoio ás políticas de *fracking* (Abatsis, Kristen, 2021). Nesta lóxica, o petróleo, o carbón ou o gas convértense en símbolos de forza, autonomía, poder económico e dominio da natureza. Como consecuencia, as políticas climáticas, a redución do consumo enerxético ou a transición cara a modelos máis sostibles poden ser percibidas como unha ameaza á identidade e á posición de determinados grupos de homes. A idealización destes modelos de masculinidade contribúe así a reforzar discursos contrarios á acción climática e a perpetuar patróns de consumo intensivos en enerxía e emisións. Desde esta perspectiva, a crise climática non pode entenderse só como un problema tecnolóxico ou económico, senón tamén como

un desafío cultural que esixe cuestionar os estereotipos e as relacións de poder asociados ao xénero. Por iso, modelos de masculinidades que integren o coidado como un valor universal, en lugar de como unha competencia exclusiva do xénero feminino, resulta crucial para desmantelar estas estruturas de dominación (García-Vinuesa, Antonio; Iglesias da Cunha, María Lucía e Gradaílle Pernas, Rita, 2020). A transición cara a sociedades máis sostibles require, en consecuencia, non só cambios tecnolóxicos e económicos, senón tamén unha transformación profunda dos imaxinarios de xénero e das relacións de poder que sustentan as actuais dinámicas de degradación ambiental.

Esta perspectiva tamén pode aplicarse a outras cuestións relacionadas co clima e coas que nos atopamos no noso día a día. No caso das respostas á calor adoitan presentarse como cuestións puramente técnicas, pero en realidade tamén están influídas polas normas sociais e polos modelos de corpo que se toman como referencia. Un exemplo coñecido é o dos sistemas de aire acondicionado en oficinas e edificios. Moitos dos estándares empregados historicamente para calcular a temperatura confortable baséanse no metabolismo dun home adulto tipo, polo que non sempre responden da mesma maneira ás necesidades térmicas de mulleres e homes. O resultado é que unha medida deseñada para mellorar o benestar pode acabar xerando incomodidade para unha parte importante das persoas usuarias. Este tipo de situacións derivan do que coñecemos como como androcentrismo, que supón asumir que unha experiencia masculina determinada representa a norma universal e que serve para toda a poboación.

Algo semellante acontece cos debates sobre a roupa e a adaptación ás altas temperaturas. As posibilidades de aliviar a calor non dependen só da temperatura ambiental, senón tamén das expectativas sociais sobre como debe vestir cada persoa en distintos espazos. O feito de que determinadas prendas ou formas de vestir sexan consideradas apropiadas para uns grupos e non para outros mostra que a adaptación á calor non é unha cuestión exclusivamente biolóxica, senón tamén cultural. Estes exemplos permiten comprender que o cambio climático e os seus impactos están atravesados por normas, hábitos e relacións sociais que non afectan a todas as persoas da mesma maneira. Analizar estas diferenzas non implica sinalar culpables nin defender solucións concretas, senón comprender mellor como se deseñan as respostas aos riscos climáticos e como poden adaptarse a unha sociedade diversa.

As cidades e os barrios non son espazos neutros, senón que reflicten e reproducen desigualdades sociais. A escaseza de refuxios climáticos —como centros comunitarios, parques ben arborados ou espazos públicos acondicionados para facer fronte á calor extrema onde poder atopar confort térmico, zonas de descanso e hidratación de xeito gratuíto, accesible, ben identificado e comunicado á cidadanía— non afecta a toda a poboación por igual. As persoas que pasan máis tempo no fogar, entre elas moitas mulleres que asumen tarefas de coidados, persoas maiores ou con menos recursos para desprazarse, dependen en maior medida das condicións térmicas da súa vivenda e da existencia destes espazos de alivio próximos. Desde unha perspectiva de xénero e clase, isto evidencia que a adaptación ao cambio climático non depende só de decisións individuais, senón tamén da distribución desigual dos recursos urbanos e das infraestruturas de protección fronte á calor. Isto pode

trasladarse tamén ás vivendas. Os coñecidos como *edificios cebra* —con illamentos deficientes, mala orientación ou escasa eficiencia enerxética—, que adoitan concentrarse en contornas con menor renda e expoñen á poboación que as habita a temperaturas extremas, maiores custos enerxéticos e peores condicións de saúde.

A redución do risco dos efectos provocados polo cambio climático é máis efectiva cando parte da comunidade, aumentando a capacidade de resiliencia colectiva. A participación activa da poboación, creando espazos diversos e autoxestionados de reflexión c omo o fanzine Solanera (2 e 3) ou a articulación de redes comunitarias organizadas contribúe a reducir estas desigualdades e a ofrecer respostas que teñan en conta as diferentes necesidades e reducir os nesgos.

INVESTIGACIÓN

InMujeres. Espazo dixital. (ES) +Info

As académicas baixo a lupa: temas emerxentes, lagoas de investigación e axenda de futuro. (EN) +Info

Innovación social e transformación na academia: as intervencións do programa de liderado para académicas en Sudáfrica. (EN) +Info

A lactación materna como alicerce da «boa maternidade»: discursos e tensións nos comentarios de nais españolas en Instagram. (EN) +Info

A masculinidade inventora: innovación, competencia e privilexio masculino na ciencia académica. (EN) +Info

A fenda nos coidados: quen se sente con confianza para coidar as crianzas? (EN) +Info

Desafiando a cegueira de xénero na docencia universitaria. Guía práctica para a formación de profesionais do ámbito socioeducativo con infancia, adolescencia e familia. (EN) +Info

Reparar a sociedade reparando os homes: consultoría da masculinidade e reparación social autoescalable na Kenya contemporánea. (EN) +Info

Dimorfismo hormonal na sarcopenia. (EN) +Info

«Son pai ao cento por cento, o cincuenta por cento do tempo»: capital simbólico, distinción e lexitimidade performativa da paternidade nas aplicacións de citas. (EN) +Info

Honra a teu pai: as organizacións masculinas checas e a súa loita pola custodia. (EN) +Info

A asociación entre a calidade do sono e a conectividade da rede por defecto e da rede de saliencia varía en función da idade e do sexo. (EN) +Info

Os homes falan menos que as mulleres mentres fan varias tarefas á vez. (EN) +Info

Prexuízo a flor de pel: como a aparencia dos avatares condiciona a percepción da IA nos procesos de selección de persoal. (EN) +Info

A monetización da intimidade. Xuventude, plataformas e economía sexual en Only Fans. (ES) +Info

Vidas en tránsito. Mulleres máis alá das fronteiras de Europa. (CA/ES) +Info

Tendencias na aceptabilidade e na prevalencia da violencia de parella íntima: evidencia das Enquisas Demográficas e de Saúde, 1999–2024. (EN) +Info

Acceso equitativo á rehabilitación da dor na atención terciaria sueca. Están os factores sociodemográficos asociados coa selección para a rehabilitación? (EN) +Info

Informe mundial sobre a presenza das mulleres no transporte turístico. (EN) +Info

IgUALdad. Núm. 30. Xullo 2026. (ES) +Info

Menos machista, máis antifeminista: A paradoxa da xuventude española. (ES) +Info

Escalando empresas sociais lideradas por mulleres: examinando o acceso á mentoría e os nesgos de financiamento por xénero. (EN) +Info

A subrogación e o aborto son estranos compañeiros: representación da complexa fenomenoloxía das eleccións reprodutivas e a toma de decisións nas películas sobre subrogación. (EN) +Info

Apoderando as mulleres a través da dixitalización: unha análise do efecto da economía dixital nas fendas de xénero no emprego. (EN) +Info

Reducindo a fenda de xénero na transición enerxética: abordando as aspiracións non cubertas e o efecto repelente na educación e nos primeiros camiños profesionais en Italia, Alemaña e Reino Unido. (EN) +Info

Efecto da internalización do ideal corporal mediático na inhibición cognitiva en estudantes universitarias: os roles da vixilancia corporal e o exercicio físico. (EN) +Info

Cuestionando o mecanismo do test de asociación implícita. (EN) +Info

Como o acoso nas redes de contacto alimenta a fuga de talento. (EN) +Info

Enquisa Nacional de Saúde Sexual 2025. (ES) +Info

Violencias dixitais na infancia e adolescencia: Escoitar e entender para transformar. Diagnose de boas prácticas fronte ás violencias machistas dixitais en espazos educativos. (ES) +Info

Explotación sexual entre adolescentes en centros residenciais: prevalencia e implicacións para a protección da infancia. (EN) +Info

Estado das paternidades en España. (ES) +Info

Non nacemos para coidar. A realidade dos coidados desde unha perspectiva de xénero. (GA) +Info

Entre o medo e os likes: a gordofobia dixital na adolescencia. (ES) +Info

«Un marido espera un si»: as escolas de mulleres e o movemento nacionalista cristián. (EN) +Info

Papel mediador da imaxe corporal positiva na conexión entre a actividade física e o benestar subxectivo: probas de múltiples centros con 64.697 adolescentes en nove economías. (EN) +Info

Silenciar ou fortalecer? O ostracismo e a radicalización de extrema dereita de figuras públicas. Un estudo de caso con métodos mixtos dun activista polos dereitos civís alemán. (EN) +Info

Máis alá dos «desertos de coidados»: unha nova métrica para cartografiar a equidade no emprego formal de coidados nos Estados Unidos. (EN) +Info

A relación entre a flexibilidade psicolóxica parental e o apoio social entre nais traballadoras baixo a política dos tres fillos de China: unha análise de perfís latentes. (EN) +Info

Explorando o discursos da manosfera sobre a prostitución: desentrañando a autopercepción masculina. (EN) +Info

Uso de Internet e patróns de xénero na participación en medicina tradicional, complementaria e integrativa (MTCI) entre os adultos maiores europeos. (EN) +Info

Dos nesgos á visión empresarial: avaliación de enfoques de aprendizaxe automática para unha subscrición de seguros de saúde xusta e explicable. (EN) +Info

Efectos da mentoría sobre o equilibrio entre o traballo e a vida persoal e a satisfacción do persoal: o papel mediador do equilibrio entre o traballo e a vida persoal e o papel moderador do entorno tecnolóxico. (EN) +Info

Guía de linguaxe inclusiva para a administración. Unha comunicacion pública que nomea, inclúe e representa a todas as persoas. (EN) +Info

REVISTAS

Affilia - Feminist Inquiry in Social Work. Volume 41 (2026). (EN) +Info

Asparkía. Vol. 49 (2026). O suxeito ausente: as loitas feministas na contemporaneidade. (ES) +Info

Biology of Sex Differences. Volume 17 (2026). (EN) +Info

Clepsydra. Núm. 30 (marzo de 2026): Cartografías da Machosfera: discursos antifeministas, redes sociais e reapropiacións culturais desde unha perspectiva de xénero. (ES) +Info

Equality, Diversity and Inclusion. Volume 45 (febreiro de 2026). (EN) +Info

Encrucijadas. Revista crítica de Ciencias Sociales. Vol. 26 Núm. 1 (2026) Pensando as violencias machistas desde o antipunitivismo. (ES) +Info

European Journal of Politics and Gender. Volume 9 (2026). (EN) +Info

European Journal of Women's Studies. Volume 33, Issue 1 (febreiro de 2026). (EN) +Info

Femeris. Vol. 11 Núm. 1 (febreiro de 2026). (ES) +Info

Feminist Anthropology. Volume 6 (novembro de 2025). (EN) +Info

Feminist Criminology. Volume 21 (abril de 2026). (EN) +Info

Feminist Economics. Volume 31 (2025/2026). (EN) +Info

Feminist Legal Studies. Volume 34 (abril de 2026). (EN) +Info

Feminist Media Histories. Volume 12 (inverno de 2026). (EN) +Info

Feminist Media Studies. Volume 26 (abril de 2026). (EN) +Info

Feminist & Psychology. Volume 36 (2026). (EN) +Info

Feminist Theory. Volume 27 (2026) (EN) +Info

Gender and Education. Volume 38 (2026). (EN) +Info

Gender & History. Volume 38 (marzo de 2026). (EN) +Info

Gender in Management. Volume 41, Issue 1 (febreiro de 2026). (EN) +Info

Gender Issues. Volume 43 (2026). (EN) +Info

Gender, Place, and Culture. Volume 33 (2026). (EN) +Info

Gender & Society. Volume 40 (abril de 2026). (EN) +Info

Gender, Technology and Development. Volume 30 (2026). (EN) +Info

Gender, Work & Organization. Volume 33, Issue 1. (EN) +Info

Géneros. Volume 15 (Febreiro de 2026). (ES) +Info

Hypatia. Volume 41 (inverno de 2026). (EN) +Info

International Feminist Journal of Politics. Volume 28, Issue 1 (2026). (EN) +Info

International Journal of Sexual Health. Volume 38 Issue 1 (2026). (EN) +Info

Journal of Gender-Based Violence. Volume 10 (2026). (EN) +Info

Journal of Gender Studies. Volume 35 (2026). (EN) +Info

Journal of Language and Sexuality. Volume 15 (2026). (EN) +Info

Journal of Women and Aging. Volume 38, Issue 1 (2026). (EN) +Info

Journal of Women and Minorities in Science and Engineering. Volume 32 (2026). (EN) +Info

Men and Masculinities. Volume 28 (2026). (EN) +Info

Psychology of Men & Masculinities. Volume 27 (abril de 2026). (EN) +Info

Psychology of Women Quarterly. Volume 50 (marzo de 2026). (EN) +Info

Psychology & Sexuality. Volume 16 (2025). (EN) +Info

Religion and Gender. Volume 16 (xaneiro de 2026). (EN) +Info

Revista ex æquo. Núm. 52 (2025). Dossier «Consentimento e violencia sexual». (PT/EN/ES) +Info

Revista igUALdad. Volume 29 (decembro de 2025). (ES) +Info

Revista Estudos Feministas. Volume 34 (abril de 2026). (PT) +Info

Sexualities. Volume 29 Issue 3 (marzo de 2026). (EN) +Info

Sexuality and Culture. Volume 30 (febreiro de 2026). (EN) +Info

Sexuality Research and Social Policy. Volume 23 (Marzo de 2026). (EN) +Info

Signs. Journal of Women in Culture and Society. Volume 51 (primavera de 2026). (EN) +Info

Social Politics. Volume 33: Democracia baixo presión: mobilizacións antixénero e formas de resistencia (primavera de 2026). (EN) +Info

The Journal of General Psychology. Volume 153 (2026). (EN) +Info

The Journal of Men's Studies. Volume 34 (marzo de 2026). (EN) +Info

The Journal of Sex Research. Volume 63, Issue 4 (2026). (EN) +Info

Violence and Gender. Volume 12 (2025). (EN) +Info

Violence Against Women. Volume 32 (2026). (EN) +Info

Women and Criminal Justice. Volume 36 Issue 2 (2026) (EN) +Info

Women's History Review. Volume 35 (2026). (EN) +Info

Women in Sport and Physical Activity Journal. Volume 34 (2026). (EN) +Info

Women's Studies International Forum. Volume 116 (2026). (EN) +Info

Women & Therapy. Volume 49 (2025). (EN) +Info

NOVAS DO DUVI

Investigadoras da UVigo publican un libro sobre a perspectiva de xénero na intervención xurídica, psicolóxica e social. +Info

O alumnado da UVigo emprega máis a intelixencia artificial para cuestións persoais que académicas. +Info

NOVAS

A lenda del Lilith Fair, o primeiro festival de música só de mulleres que inspira ao que agora promove Olivia Rodrigo. (ES) +Info

Tres feminicidios e seis orfos por violencia machista en 24 horas. (ES) +Info

Galicia, no top das comunidades con máis tituladas en carreiras STEM. (ES) +Info

Onde están as artistas galegas nos festivais? (GA) +Info

De vítima de violencia sexual dixital a pioneira da lexislación para combatela. (ES) +Info

A violencia contra as mulleres que o Mundial non sancionou: os 11 xogadores con acusacións graves. (ES) +Info

Andrew e Tristan Tate arrestados nos EE. UU por cargos de violación e tráfico sexual no Reino Unido. (EN) +Info

Morre a muller agredida por dous homes supostamente contratados polo seu marido en Sevilla la Nueva (Madrid). (ES) +Info

Os incendios forestais prexudican o embarazo: hai máis risco de parto prematuro e baixo peso ao nacer. (ES) +Info

Asinado o plan para previr a violencia contra traballadoras do SAF case un ano despois do asasinato do Porriño. (GA) +Info

O goberno reformula a lei de violencia vicaria machista: será un agravante e non un delito específico. (ES) +Info

O antienvellecemento vai contra a vida»: por que a cultura da lonxevidade é simplemente idadeísmo disfrazado de ciencia. (EN) +Info

Desaparece das farmacias Climodien, un medicamento para mulleres menopáusicas, trans e intersex. (ES) +Info

Gabriella Conti, economista: «A caída de ingresos dunha muller con menopausia pode chegar ao 7,4 %». (ES) +Info

O auxe da femosfera: as mulleres que renuncian ao romance e buscan homes de «alto valor». (ES) +Info

Novos referentes femininos grazas ao catálogo *Quero ser investigadora*. (GA) +Info

Meteoríticas, as científicas que cazan meteoritos en Brasil. (ES) +Info

Vigo participa no deseño do código de boas prácticas europeo contra as *deepfakes*. (ES) +Info

Unha universidade neerlandesa fixa un 30 % de alumnas en Enxeñaría Aeronáutica e Espacial para combater os estereotipos de xénero. (ES) +Info

O *Lyceum* Club Feminino. (ES) +Info

A Xustiza recoñece unha pensión de viuvez por violencia de xénero non condenada pola acumulación de indicios. (ES) +Info

Dezanove razóns de peso para ler un libro colectivo contra a gordofobia. (GA) +Info

Dez anos de La Manada. A resposta contra a violencia sexual que cambiou España. (ES) +Info

O Ministerio de Igualdade condena os feminicidios por violencia de xénero de dúas mulleres na provincia de Alacante e Málaga. (ES) +Info

Máis alá das cifras: os rostros das mulleres atrapadas na fronteira externalizada de Europa. (ES) +Info

Histéricas. Así discrimina a medicina as mulleres. (ES) +Info

Cómo Israel usa a violencia sexual contra os palestinos desde a súa fundación. (ES) +Info

A Complutense sanciona a Monedero cun ano de suspensión por acoso sexista a alumnas. (ES) +Info

Violencia e explotación sexual: os graves custos do Mundial que asumen as mulleres, nenas, nenos e adolescentes en México. (ES) +Info

O goberno de Petro ordena a liquidación do Ministerio de Igualdade. (ES) +Info

DATOS

Colección especial MFOG (Movemento Feminista Organizado en Galicia). +Info

Estratexia de Igualdade de Xénero 2026 – 2030. +Info

Macroenquisa de Violencia contra a Muller 2024. +Info

Informe Global de Fenda de Xénero 2025. +Info

Índice de Igualdade de Xénero 2025: Datos máis precisos para un mundo cambiante. +Info Publicación realizada polo Instituto Europeo pola Igualdade

Mulleres en cifras. Mulleres e homes en España +Info
Publicación realizada polo INE en colaboración co IMIO. Esta publicación periódica difunde indicadores de xénero relevantes en distintos ámbitos.

Científicas en Cifras 2025. A Unidade de Mulleres e Ciencia do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades presentou o novo informe o 6 de marzo na Fundación Francisco Giner de los Ríos (Institución Libre de Enseñanza). (ES) +Info

Observatorio Igualdade Emprego +Info
Estudos e informes que visibilizan as fendas de xénero no mercado laboral e no emprendemento.

As mulleres do mundo. Tendencias e estatísticas (EN) +Info

BANCO DE RECURSOS

Imaxe do Punto lila virtual dispoñible no espazo web da Unidade de Igualdade en galego, inglés e adaptado a lectura fácil

Recursos contra as violencias machistas da UVigo (GA/ES/EN e lectura fácil) +Info

#NonAoAcosoSexualNaUVigo

Protocolo de prevención e acción fronte ao acoso sexual e o acoso por razón de sexo da Universidade de Vigo (GA, ES e Lectura fácil) +Info

Programas de voluntariado de acompañamento a mulleres en procesos de violencia de xénero na UVigo En Ourense e Vigo.

CIM- Centros de Información ás Mulleres Servizos municipais de atención psicolóxica, xurídica e social para mulleres. +Info

- CIM Vigo. Rúa de Romil núm. 20
986 293 963
- CIM Ourense. Ráu Vasco da Ponte núm. 1
988 393 191
- CIM Pontevedra. Praza de José Martí
900 119 741 e 986 864 825

Oficinas de atención á vítima (nas tres cidades) Cita previa

Centros de crise 24h Atención de mulleres vítimas de violencia sexual da comunidade autónoma de Galicia abertos as 24 horas os 365 días do ano. +Info

- Vigo: Hospital Álvaro Cunqueiro (Rúa Clara Campoamor, 341, C.P. 36312, Vigo, Pontevedra)
- Ourense: (PAC)-Centro de Especialidades (Rúa do Concello 13, C.P. 32003, Ourense)

Resolución do 10 de decembro do 2025, da Secretaría de Estado de Igualdade e para a Erradicación da Violencia contra as Mulleres, pola que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Igualdade, de 17 de novembro de 2025, relativo á acreditación das situacións de violencias sexuais. +Info

Guía de dereitos, recursos e servizos para as mulleres galegas. FEGAMP, 2023 +Info

APP Galegas con Recursos: directorio de recursos para mulleres vítimas de violencia de xénero. Accesible a través do portal de descarga da aplicación. +Info

Acordo da Conferencia Sectorial de Igualdade relativo á acreditación das situacións de violencia de xénero +Info

Guía de intervención con menores que sofren ou teñen sufrido unha situación de VX (ES)+Info

Guía de actuación fronte á violencia machista +Info

Guía de dereitos das mulleres vítimas de violencia de xénero +Info

Guía de dereitos para mulleres refuxiadas que poidan estar sufrindo violencia machista +Info

Información do Estado sobre a violencia vicaria +Info

Rede de mulleres veciñais contra os Malos Tratos +Info Rúa da Oliva, 12. Vigo. Teléfono: 986 222 328. Atención ás vítimas: 606 929 137.

RD 664/2024, de 9 de xullo, polo que se regulan as axudas económicas a vítimas de violencias sexuais +Info

Axudas e indemnizacións para mulleres vítimas de violencia de xénero. +Info

Axudas de indemnización económica dirixidas ás fillas e aos fillos menores de 30 anos das vítimas mortais por VX, así como a mulleres que resultasen gravemente feridas como consecuencia dunha agresión por VX, familiares ascendentes e descendentes en 1º ou 2º grao de consanguinidade das mulleres vítimas mortais e dos seus fillos e fillas falecidos, destinadas a sufragar os gastos de traslado, repatriación, funeral, inhumación e/ou incineración das vítimas mortais por violencia de xénero e, de ser o caso, dos fillos e fillas das vítimas falecidos como consecuencia da violencia de xénero. +Info

Axudas periódicas para mulleres que sofren violencia de xénero. +Info

Normativa estatal en vigor en materia de igualdade de xénero +Info

Normativa autonómica en vigor en materia de igualdade de xénero +Info